

SAINT GEORGE 'S RD, W4

Co mapa na man, buscou á saída do metro a avenida pola que tiña que avanzar ata dar coa rúa que era o seu destino naquela tarde de vento. Non era exactamente un plano, senón un libro no que cada folla retrataba en sinuosas liñas amarelas e brancas a complexa disposición da cidade, atravesada de oeste a leste polo trazo curvo do río que discorría tinxindo de azul as páxinas centráis do A-Z que lle deixara a patroa do *bed and breakfast*. Esquivou o tráfico que ruxía pola praza na que o metro o devolverá á cidade, esporeado polas bucinas que se queixaban da súa torpeza ó cruzar a estrada; aínda non estaba afeito a mirar primeiro á dereita e logo á esquerda antes de botarse á rúa. No outro extremo da praza unha placa identificou o camiño polo que debía seguir: The Avenue, W4. Consultou de novo o plano. Ata o seu destino eran nove as rúas que medraban polo lado dereito da avenida, ringleiras de casas de dous andares e árbores que empezaban a deixar as follas no chan. Antes de botarse a andar, foi ó final do libro para asegurarse de que ía na dirección correcta. Lembraba como o desconcertara atopar no rueiro do mapa ata nove rúas co mesmo nome: St. George's Road.

—Tes que mirar ben o apartado postal. Se non, podes acabar no extremo contrario de Londres ó que pensabas ir.

Ollou con incredulidade a Mrs. White mentres recollía a mesa despois do almorzón sabatino e decatouse de que ó falar con Rosario ou ben non lle mencionara aquel código de maiúsculas e díxitos, ou ben el lle dera tan pouca importancia que o esquecera de inmediato. Tivo que volver poñerse ó teléfono para averiguar o valioso W4 que o orientase no enigma do rueiro que tiñan os White para axudar ós seus hóspedes a atopar o enderezo dunha academia de inglés ou o *flat* dalgunha nova amizade que convidara a tomar o té.

Meteu o A-Z na bolsa que levaba ás costas, xunto co queixo e a botella de caña que eran o motivo da súa visita a aquela rúa de nome repetido nos dominios do W4, máis aló de Hammersmith, pero sen chegar a ser Acton propiamente. De botadle as culpas a alguén, tería que ser a súa nai a responsable daquel apuro. Dous días despois de tomar a decisión de pasar uns meses aprendendo o inglés que non fora quen de estudar na universidade, media vila xa sabía que o outono o ía empezar nunha academia de Kensington. E entre os veciños, Encarna, que sempre andaba a falar de cantos anos levaba a súa irmá Rosario alá en Londres, case trinta, toda unha vida traballando Deus sabe para qué, se os

anos da miseria xa pasaran e non había necesidade de eslombarse en terras estrañas e alleas.

—Ai, filliño. Pois heiche dar un queixo para que llo leves á miña Rosario, que ben ha de ter antollo del. Cando está polo verán, antes de marchar sempre lle collo un na praza, dunha señora que os trae de Velouzás, e ben leda que vai.

A botella de caña fora cousa do pai, que non permitía ir de convidado sen corresponder cun agasallo.

De Rosario a penas tiña unha imaxe mental, moito menos do seu home, unha parella que se deixaba caer de visita pola casa da veciña algún día das festas de agosto. Con eles acudía o fillo, un rapaz ó que lle chamaban Eddie, e ó que xa tiña algo máis visto: era fácil atopalo nas tascas de viños bebendo cervexas ou rifando co porteiro da única discoteca da vila para entrar cando o resto dos bares xa botaran o pecho. Ás veces a súa panda baixaba ó café no que se xogaban os cartos ó tute, na procura dalguén que lles venderá algo de haxix antes de saír para a praia nos ciclomotores. Nunca se falaran; como moito, un aceno de recoñecemento ó cruzarse na rúa, o habitual en Untia.

Contara ata dez rúas, pero quería asegurarse. Alí estaba a placa co nome e o código que semellaba unha mensaxe para iniciados nese enigma que era o rueiro de Londres, máis unha tea

tecida por unha araña que a disposición racional dunha cidade. Apartou á dereita e foi buscando a casa dos emigrantes segundo baixaba pola beirarrúa, lendo os números nas portas enmarcadas na hedra ou flanqueadas por macetas cheas de flores. A penas había tráfico, sendo sábado e despois do xantar, só un automóbil que ía paseniño cara á avenida. Unhas cortinas axitáronse na xanela dun baixo en resposta ó seu timbrazo, e un rumor de zapatillas arrastrándose traía porta anunciou a benvida de Rosario cun par de bicos e un sorriso agarimoso.

—Pasa, ho, non quedes aí na porta. Mira que non vir a xantar connosco... E aínda te levou tempo dabondo vir desde alá. En Paddington, ¿non é onde paras? A ver, ¿fágoche un té? Queda *cake* do mediodía, póñocho, ¿verdade? ¿E como quedan todos por España?

Foi dando as respostas segundo avanzaba pola moqueta do pasillo ata entrar no salón. A mesa estaba aínda a medio recoller, e nun dos extremos despregábanse as follas dun exemplar do *Sun*, que estaba a ler Manuel, o home de Rosario. Ergueuse da cadeira e deulle a benvida cun apretón de mans, ó tempo que lle indicaba que tomara asento no sofá. Na televisión botaban unha proba de obstáculos para cabalos. Antes de sentar sacou o

queixo da bolsa e pousouno sobre a mesa, pedindo desculpas por se se mazara na viaxe.

—Ai, mira que é parva miña irmá. Non queda a gusto se non marcho co queixo do demo. O meu Manuel é quen o remata, que lle sabe ben, pero eu só como unhas niscas con pan para quitar o capricho. Antes si, pero agora estou máis afeita ó de aquí, que che é máis forte. Gracias pola molestia e pola caña. Agora si que tomarás o té, ¿non?

Manuel revolveuse na cadeira.

—Pero que té, muller. Dálle unha cervexa, ho, que virá con calor do paseo.

Chiscoulle un ollo cómplice.

—É que aquí temos as cervexas de España. Abrelle unha, muller, que non se diga.

—Manuel, se veu a Londres será para tomar algo típico. Que lle vas dar cervexa española, se alá xa beberá toda a que queira. E vai mellor o té co cake.

Era certo que a calor medrara desde a boca do metro.

—Ves, vaille por unha cervexa ó rapaz, ho. É que da estación ata aquí éche un bo paseo. Porque viñeches desde Tumham Green, ¿non? Si, é o mellor. Desde Paddington, colles a Earls

Court, alá cambias de tren, e logo, seis paradas ata chegar. Máis rápido que o bus, ¿a que sí?

Asentiu e Manuel sorriu satisfeito. Vestía un pantalón de pana gastada e unha chaqueta de lá gris sobre a camisa branca. Chegou Rosario coa cervexa e un vaso de media pinta. Remexeu nun caixón e puxo sobre a mesa baixa do sofá un pousavasos no que amarelaba unha fotografía que identificou coma do palacio de Buckingham. Sentou ó seu carón.

—Ben, ¿e como van as cousas por alá? Conta.

Entre explicación e explicación deixaba correr a mirada polos saltos dos cabalos e a decoración do cuarto. Un prato cun debuxo da praza da vila, a foto da familia enmarcada sobre un andel, a carón dunha boneca vestida con traxe folclórico, unha fotografía de Diana de Gales. Manuel pousaba a vista nos titulares do *Sun* e pasaba as páxinas co dedo húmido de cuspe. Rosario preguntaba por todo: polo curmán do veciño que ingresara na residencia cando eles estiveran alá por última vez, pola vendima e polas patacas de tarde, ata polo tempo que facía. Non foi quen de resistirse á segunda cervexa que Rosario lle verteu no vaso.

—Non traes presa, ¿non? O meu fillo estará a piques de chegar e ó mellor vos apetece saír por ai un rato, mellor que aturar a este par de vellos.

Decatouse de que non sabía ó que se dedicaba Eddie.

—Cando rematou na escola deu moitas voltas, non daba acougado en nada que lle gustara. Probou de repartidor, de dependente nun comercio, e nada. Ata que un día falamos de casualidade con outro emigrante nunha festa no centro galego, e meteuno a pintar no taller de coches que ten aquí abaixo en Chiswick. Xa vai para un ano.

A cervexa e o ritmo pausado dos cabalos dábanlle sono. Forzouse a prestar atención ó cuarto para non quedar durmido no sofá; era case idéntico ó dos White, só cos engadidos dos recordos traídos das vacacións. Cando estaba a piques de renderse ó sono, o estrondo dun motor irrompeu na tarde, dominada pola monotonía do locutor que comentaba as evolucións dos cabalos fronte ós obstáculos. Rosario apartou a cortina e anunciou a chegada do fillo. Eddie non cambiara demasiado de como o lembraba do verán anterior.

Loiro, cun anel na orella esquerda, e vestido con vaqueiros de perna ancha e un impermeable con carapucha, pasaba sen problemas por inglés. Na vila rechamaba, pero nas rúas de Londres era un máis dos mozos que enchían os pubs os venres pola noite. Bicou á nai e fixo un aceno na dirección do pai, que xa

dobrara o *Sun*. Fixéronse as presentacións. Ó darlle a man, a mirada de Eddie brillou co recoñecemento.

—Xa nos vimos pola vila. Ti es dos do tute, ¿non?

Boa memoria. Eddie foise para a ducha pero levouno ó seu dormitorio no piso de enriba e deulle instrucións de que puxera a música que lle petara. Mentres oía o bater da auga ó outro lado do corredor, foi pasando as carátulas dos compactos espaxados enriba dunha mesa. Ahondaban o reggae e o rap, algún clásico coma Jimi Hendrix ou James Brown, case non había ningún artista que non fose negro. Soou familiar un dos discos: era o mesmo cantante do que vira unha fotografía inmensa nunha tenda de discos aínda máis inmensa o primeiro día que dera unha volta por Oxford Street. Meteuno no equipo de música e púxoo a andar. Un ritmo rápido e sincopado colleuno por sorpresa; a penas entendía o que recitaba o cantante, unha mestura entre as cadencias dos rapeiros e as vocais pechadas dos xamaicanos. Á parte dos discos non había moito máis no cuarto que non fose o mobiliario habitual dun dormitorio. Presas no marco dun espello, unha ducia de fotografías daban conta dos veráns da vila. Na maioría resultábanlle familiares as caras; eran de xente coa que se cruzaba case que a diario, a panda de Eddie nas vacacións. No extremo contrario do espello había outras fotos. En dúas

aparecía Eddie repantigado nos inconfundibles sofás tapizados dun pub inglés, rodeado de amigos sorrintes. Era o único branco do grupo. Nunha terceira pasáballe o brazo polo ombro a unha rapaza no verde dun parque. Ela tamén era negra.

—Boa música, eh. Está mellor o anterior, é menos comercial, máis *hardcore*. Aquí nótaselle que se lles foi a man coa produción. Non sei que lles pasa a todos, que despois do primeiro disco a cousa vai para abaixo.

Viña do baño xa co pantalón posto, co peito delgado ó descuberto. Os osos destacaban entre a pel case albina. Era inevitable fixarse nunha tatuaxe de deseños celtas que lle rodeaba todo o brazo á altura do bíceps.

—Non sabía que era celta. Vino no catálogo do tatuador e díxenlle "este". Esas cousas tampouco hai que pensalas moito.

Da planta de abaixo chegou un berro de Rosario. Había unha chamada de teléfono para Eddie. Volveu e calzou as zapatillas de deporte.

—Era Neal, un amigo. Quedei de pasar pola súa casa. Podes achegarte ti tamén, se non andas ocupado.

Despedíronse dos país e montaron no automóbil. Antes de arrincar, Eddie tirou unha cinta do peto e deulle volume ó casete do coche. Era a mesma música que escoitaran no dormitorio.

Sáíron polo extremo norte da rúa, entre unhas canchas deportivas e un parque, para desembocar nunha ampla avenida. Despois, máis ringleiras de casas, árbores nas beirarrúas, un xardín que aparecía no medio dunha praza ó dobrar unha esquina. Polo camiño Eddie foille preguntando pola súa panda. Da maioría non lles puido contar moito, a algún vírao polos viños, doutro sabía que entrara a traballar co pai, noticias que o rapaz ía asimilando entre sorrisos e golpes de volante. Ó pasar un campo de cricket a paisaxe abríuse para dar paso a un trío de edificios escuros que se erguían no baleiro dunha extensión gris de cemento. Eddie aparcou o automóbil ó abeiro da sombra da primeira torre. A música soaba percutiva e monótona sen o acompañamento do motor.

—Benvido a Acton.

O amigo de Eddie vivía no penúltimo andar do edificio. O ascensor só chegaba ata o anterior, así que subiron o último tramo por unhas escaleiras que cheiraban a húmido e nas que entraba o vento polos ocos dos bloques de formigón. Neal abriu a porta do piso, ó fondo dun corredor do que semellaban saír ducias de portas; era alto, de pel negra e co cábelo rapado ó milímetro. Saudáronse cun xesto da man que debían de ter moi

ensaiado, complexo, pero con toda a naturalidade. Eddie ergueu o pé e tirou das zapatillas deportivas.

—Os país de Neal son musulmáns. Hai que deixar o calzado na porta. Descoida que é todo moqueta.

O piso debía de ser moi pequecho, a penas un par de portas que levaban a un salón con cociña no extremo, e logo dous cuartos. A familia miraba o televisor desde o sofá, dúas tazas na mesa baixa, e viráronse para diciren ola. Marcharon para o dormitorio, onde sentaron na cama. Non había moitas diferencias coa habitación de Eddie, algún libro máis, en ringleira sobre a mesa, un cartel dun xogador de fútbol, o equipo de música era igual de grande, cheo de botonciños e pequenas luces. Neal ofrecéulles té; ó volver coa bebida preguntoulle pola súa estancia en Londres, onde se aloxara, canto tempo ía quedar. Pouco a pouco a conversa centrouse na vida cotiá dos dous amigos. Seguía o fío, o recontó do acontecido desde a fin de semana anterior, o novo traballo dalguén chamado Kevin, un bo posto, nunha axencia de publicidade, despois de falar do sábado movido no club. Despois duns minutos decatouse de que estaban a falar dunha rapaza, aínda que a pronunciación do nome, Louise, desorientouno ó principio. Soubo que era a mesma que vira retratada na habitación de Eddie. Falaba déla sen quitar os ollos

da colcha, cun aceno entre agre e tristeiro. É o que hai, tampouco había nada serio, así que hai que aceptalo, foron as regras que puxemos ó empezar, foi collendo da parrafada do emigrante. Neal asentiu e puxo outro disco.

Eddie insistirá en achegalo co coche ata o metro de Shepherd's Bush; estaban preto, só era baixar Uxbridge Road e, aínda que non lle aforrase ter que cambiar de liña, era menos tempo de viaxe que desde Tumham Green. Tamén se desculpara por non saír pola noite.

—Levo canso toda a semana, e quero recuperar. Irei ó videoclube e verei que hai para pasar unha tarde tranquila na casa. Pero cando queiras marcha, só tes que chamar e xa argallamos algo, ir ó pub ou algunha festa, sempre hai quen a monta, se ten cartos e haxix dabondo, claro.

Riu abertamente e deulle a man sen baixar do asento do conductor. Logo o automóbil perdeuse entre as luces do tráfico que se movía lentamente coa chegada da noite e el mesturouse coa xente que entraba e saía da estación do metro.

Non tivo ocasión de volver chamar á casa dos emigrantes ata a semana antes de marchar. Estaba aproveitando as ensinanzas da academia e o tempo botáraselle enriba, quedáballe pouco para mercar agasallos para a familia e algún que outro encargo que

lle fixeran na vila. Lembrouse de Rosario e pensou que ó mellor lle quería enviar algo á súa irmá aproveitando que el regresaba en poucos días.

—Ai, filliño, non sabes como cho agradezo. Tiña un mantel gardado para darlle no Nadal, pero é mellor que llo leves ti e xa lle atoparei outra cousa.

Eddie tamén quería falar con el.

—Pasadomañá irnos a unha festa. Vai estar de puta nai. Así despídeste en toda a regra de Londres. A entrada vai un pouco cara, vintecinco libras, pero ten unha vantaxe. Leva éxtase incluída.

Baixara a voz nas últimas palabras, e sorprendeuse a si mesmo dicindo no mesmo ton de conspirador que podían contar con el.

Os últimos días pasaran nun suspiro. A semana antes de marchar reserváara para vagar ó seu aire pola cidade, libre xa das clases na academia, e con todo o tempo para perderse nas rúas o adentrarse nas umbrías dos parques, sen máis horario que o que lle marcasse o corpo. Pero o tempo voaba. Unha mañá entre cadros na National Gallery íase sen a penas darlle tempo a deterse ante unha ducia de obras que o absorbían e fixaban fronte a elas, os minutos detidos e a luz suspendida desde os lucemarios que se abrían no teito. Despois mercaba algunha

postal, coma a do *Vanitas* de Steenwyck, e as esquecía entre as follas dos libros que atopaba nos caixóns de saldo en Charing Cross Road. Dous días antes da partida entrou a xantar nun kebab nunha das caellas que arrincaban de Oxford Street e se afundían no labirinto do Soho. Chegara ó restaurante por casualidade, despois de atopar unha bufanda de lá que a nai lle encargara, botándose a andar ó chou e sen proxectos para o resto da xomada. Sentou co kebab de aña nunha mesiña tralo escaparate e foi mastigando con lentitude mentres ollaba as idas e vindas da xente, rúa arriba ou rúa abaixo, sen preocuparse polo escaso tráfico, apresurados, solitarios, con bolsos ó ombro, de traxe ou con impermeables lixeiros, directivos de paraugas enrolados, mendigos coas súas pertenzas nunha maleta ás costas, rostros negros, pálidos, cabelos azuis, trenzas rastas, unha marea de cores que cruzaba diante dos ollos que miraban sen foco, perdidos. Pensou que así sería a lembranza de Londres para el, reforzada polo picar da guindilla que lle facía saltar as bágoas e a radio dando os nomes dos gañadores na carreira de cabalos. Unha motocicleta parou na beirarrúa diante do escaparate e o conductor entrou no kebab a por un bocado rápido. No guiador levaba prendido un atril que sostiña baixo unha cuberta de plástico as follas dobradas do plano da cidade.

Un L vermello lucía no gardabarros traseiro. Xa vira outros vehículos do mesmo xeito noutras rúas: eran os aprendices de taxista, que estaban obrigados a percorrer a cidade durante un ano co mapa diante dos ollos para memorizar tódalas rúas antes de acceder á profesión. Colleu o seu e foi pasando as páxinas unha a unha sen deterse, primeiro as liñas amarelas e brancas das estradas, a sinuosidade azul que indicaba a presenza do río, as formas verdes e irregulares dos parques, que salpicaban cada folla, logo o índice cos nomes das rúas, do A ó Z, toda a vida de milleiros de persoas, del mesmo naquel momento incerto do día, nin mañá nin tarde, agochadas entre esas dúas letras. O futuro taxista xa rematara o xantar e apuraba un café nun vasiño de plástico mentres buscaba a dobrez no plano sobre o atril que o levaría a calquera outra punta da cidade. Saíu do kebab e aínda se escoltaba no fondo da calella a motocicleta perderse na distancia. Lembrou que a expresión que empregaban os ingleses para memorizar algo era apréndelo de corazón.

Na seguinte visita á casa de Rosario non tivo necesidade de empregar o plano. O metro devolveuno á cidade en Tumham Green, e encamiñouse á St. George's Road coma se fose un vello amigo da familia, malia ser a segunda vez que pisaba aquel

barrio. Rosario agardábao co mantel dobrado nun paquetiño e cunha tableta de chocolate de améndoas e pasas para el.

—Se es larpeiro tenche que gustar, é do melloriño.

Eddie aínda estaba na ducha, así que aínda tiveron tempo para unha conversa antes de marchar para a festa.

—Colles o avión mañá, ¿non é? Pola cara vexo que marchas con pena. Esta é unha cidade que ós novos vailles moi ben, pero eu xa vou algo vella. Si, si, non digas nada. E case trinta anos aquí son abondo para calquera. Xa lle teño dito moitas veces ó meu Manuel, que o fillo xa está criado e ten o seu traballo, aquí non está mal, e nós podemos irnos para alá e empezar a vivir algo. Temos un piso mercado cos aforros, e, dentro de dous anos, cando se xubile, pois *good bye*. El di que aínda queda moito tempo, pero eu veña a insistirlle que dous anos non é nada, e que xa hai que ir facendo proxectos.

Coma se estivese a escoitar trala porta, Manuel apareceu da cociña cunhas latas de cervexa na man.

—Non pensarías marchar sen unha cervexa, ¿verdade? Hai que brindar pola túa visita.

Os minutos pasaron entre lembranzas de parentes e cotilleos de emigrantes. Eddie chegou co pelo mollado e listo para saír. Houbo bicos, apertas e despedidas, tamén recados e promesas

de invitacións nas seguintes festas. O matrimonio de emigrantes díxolles adeus coa man desde a porta da casa, mentres se afastaban no coche a buscar os amigos de Eddie.

—Primeiro imos a Acton á casa de Neal. Quedamos alí para tomar algo e logo marchar xuntos á festa.

No piso da familia musulmana unha ringleira de zapatos no corredor anunciaba a presenza de cinco ou seis persoas, todas elas metidas no minúsculo cuarto do rapaz, escoitando música e falando todos ó mesmo tempo. Os recién chegados eran os únicos brancos no cuarto. Eddie mergullouse na conversa, que ía tan veloz coma os ritmos que cuspiá o aparato de alta fidelidade. Alguén remexeu nunha bolsa de supermercado e sacou novas latas de cervexa. Bebíana tépeda, sen pasar antes polo frigorífico, a grandes sorbos entre as escasas pausas da parolada. A luz ía morrendo no rectángulo da xanela. De súpeto, calaron. Eddie meteu a man no peto e apareceu coa carteira; era el quen repartía as entradas. Tamén a éxtase.

Ó dirixirse de novo ó coche, decatouse da inicial do xersei de lá tecida que lucía o amigo, coa súa inicial.

—¿E de Eddie? Pode ser. ¡Pero mellor E de éxtase!

Riron á vez. Ían cara ó oeste, ás aforas da cidade. A festa era nas instalacións dunha escola abandonada en Hounslow. Pedírase

permiso para instalar por unha noite o sistema de son, un *disc jockey* de certa sona viña a mesturar os discos. O das pastillas era un segredo a voces. Aquelo era unha reunión para bailar, pero ninguén acudiría sen poñerse antes baixo a lingua un anaco de éxtase. Eddie foille explicando o modo de actuar dos organizadores, as festas itinerantes e fugaces no extrarradio da cidade, os mellores discos achados nas tendas de vinilo de segunda man no Soho, as marabillas desinhibidoras da droga. Na pausa dun semáforo en vermello cambiou de tema.

—Xa che foi miña nai co conto de volver, ¿verdade? Que queres que diga, a vila está ben para ir pasar unhas semanas ou un mes, botar unhas risas cos amigos, a praia, as noites de troula, pero non me vexo vivindo alá todo o ano. Menos mal que xa non contan comigo para ir.

Asentía mentres o escoltaba falar. A estrada era unha sucesión de luces que rodeaban o automóbil.

—E a xente é distinta. ¿Coñeces a unha rapaza que se chama Sara? Estudia para avogada na cidade. Ben, pois nun verán andamos tonteando, un bico, algo máis, non teríamos máis de quince anos. Pois ó ano seguinte xa non quería saber nada, nin saudaba sequera. Todo porque as amigas lle dixeran que

fumábamos porros. Non sei se te decatás do que quero dicir. Aquí esas cousas dan igual.

A Louise, por exemplo, nunca lle tiven que dar explicacións. E agora ela vaise, di que quere viaxar e coñecer outros países antes de ir á universidade. Paréceme ben. Ninguén ten poder sobre a vida dos demais, es máis libre. Perdería todo eso se me fose.

Na entrada da escola había cola. Eddie contara que chegaban a superar o milleiro as persoas que acudían con regularidade as festas. Do rectángulo escuro da porta chegaban anacos de ritmos amortecidos polos corpos de quen agardaban. O baile era no ximnasio. Custaba afacerse á falta de luz, só estaba iluminado o podio do *DJ*, nunha das esquinas da estancia ateigada de xente. O impacto da música era visceral: non soaban máis ca golpes de batería e baixos retumbantes, sentíanse vibrar nos osos e no corpo. Todo eran sombras que se ían deformando á medida que a éxtase corría polo sangue e a realidade se convertía nunha sucesión de movementos inconexos. Non lembraba canto tempo transcorrera desde a chegada. Logo Eddie desapareceu entre as siluetas. Só podía mover o corpo coma unha marioneta accionada por uns fíos que se perdían no teito. Tentaba seguir o ritmo, pero semellaba que as súas pernas e brazos seguían ordes alleas,

estendéndose e contraéndose baixo un control que non emanaba do seu cerebro. Perdeuse entre as sombras e a música.

Cando volveu ter consciencia do que facía atopouse a si mesmo tirado entre herbas altas. Cecais fora o frío o que lle devolverá o sentido dos seus actos. Ollou ó redor, e decatouse de que rematara no campo de fútbol no que algunha vez xogaran os alumnos da escola. O ximnasio era unha caixa negra da que se escapaban os berros da festa. En pé, dirixiuse ó edificio. Sombras illadas vagaban polo patio. Escoltaba respiracións entrecortadas, susurros, os baixos galopantes ceibados polo *disc jockey*. Saíu na procura do coche de Eddie. Dentro estaba o amigo, encollido e durmindo no asento traseiro. As portas estaban abertas. Arropouse na chaqueta e agardou a que chegara a luz do abrente.

Cando por fin deu chegado ó mostrador de facturación a suor era unha película líquida que lle facía brillar toda a cara. Pousou a maleta na cinta e deixou ir un suspiro mentres buscaba o pasaporte e o billete no bolso de man. Santiago de Compostela, ás 17.35 horas. Sentou a carón dunha franquicia de cafés italianos e tratou de recuperar folgos. Case non tivera tempo de despedirse de Mrs. White no *bed and breakfast*. Menos mal que deixara a equipaxe lista antes de ir para a festa. Lembrou a viaxe

con Eddie á busca dunha estación de metro que o levase de volta ó centro da cidade, atarecados ámbolos dous no coche, perdidos no suburbio de Hounslow, sen o rueiro que os guiase e as articulacións berrando de dor. Xa no tren que corría cara ó aeroporto sentiu mareos. Non podía pechar os ollos: se o facía, dáballe a impresión de que daría co corpo no chan.

Eddie tendéralle una man fría e débil de despedida. Tiña vermellos os ollos e falaba coma se tivese que pensar cada palabra un segundo antes de pronunciala.

—Ben, si. Agardo que teñas boa viaxe. Saúda ó chegar alá. Que noite. Pensei que toda aquela xente ía rematar por afogarme. Faltábame o osíxeno. Despois no coche non vía máis que ás de morcego cubríndome a cara, coma nos debuxos de Batman. Fatal.

As azafatas iniciaran a rutina dos salvavidas e as saídas de emerxencia. O avión marchaba lento cara á pista de despegue, abaneándose entre os asubíos do aire. Traía xanela diminuta albiscou a última imaxe do aeroporto, rodeado por máis aeroplanos e os vehículos que cargaban coas equipaxes. O motor ruxiu e o aparato comezou a gañar velocidade. Sentiu como se elevaba e a presión que lle subía do estómago á cabeza. Pensou que lle ía estalar o cranio. Fóra, as estradas e os parques

diminuían, cada vez máis semellantes ás liñas do A-Z, que non tivera tempo de devolver a Mrs. White, e que viaxaba con el nun peto do bolso de man, aberto aínda pola páxina de St. George's Road.

Se a memoria é unha película, non corre ceibe ata o final, senón que se move fotograma a fotograma. Son imaxes illadas, fóra de contexto, e que o tempo acabou por deformar: cores esvaídas, perfís sen nitidez, o grao inchado ata parecer fragmentos soltos dun tomavistas. Só falta o zuñido do proxector e recompoñeremos a secuencia. Diso encárgome eu. Play.

Un. O sol afóndese coma unha moeda incandescente no estanque do parque. É unha moeda de dous peniques, inmensa e intocable, que deixa sobre as augas do Serpentine un ronsel de lume que vén morrer ós meus pés. Joseph está ó meu carón. Nos dedos xoga con algo. Unha moeda. De dous peniques. Apunta ó ronsel e un movemento rápido do brazo dá coa moeda na auga. Ou eso me fai crer. Crer e querer. Preciso unha moeda de dous peniques. Non hei marchar do parque ata guindar unha no estanque. Interveñen meus pais: os cartos non se tiran, afórranse para cando regresemos. Pero eu quero guindar a miña moeda. Ti fixéchelo, Joseph. Eu tamén. Non, ti non podes. Es un cativo. Non o son. Os cativos non poden andar con diñeiro. Quero a moeda. Non. Choro. Meus pais rin. Joseph tamén, os dentes brancos brillan na pel escura.

Dous. O bus déixanos na beirarrúa e camiñamos ata a casa de Joseph. Irnos tomar o té. Joseph ten unhas galletas especialmente para min. Son tartaletas, veñen en paquetes de a seis, en caixas rectangulares de cartón, e no centro brillan marmeladas vermellas e verdes. Joseph déixame levar para a casa as que sobran. E faime un agasallo. Unha lanza de palla trenzada, amarela e longa. Está feita no seu país. Vén de Etiopía.

Tres. Aparecemos na porta de Joseph. Abre cun xesto de preocupación que se converte en sorriso ó vemos. Pero non podemos quedar. Hai xente na súa casa. Dende a escaleira asómanse dous rostros, escuras coma o de Joseph. Son refuxiados, explica meu pai. É o traballo de Joseph, unha conexión entre os exiliados que foxen do país e dende Londres se espallan por Inglaterra ou viaxan ó Continente.

Quedei sen fotogramas. Imperdoable. Pero teño retratos. Tampouco moitos, tres ou catro, e nalgún aparece de esguello. Aniversario, Nadal, picnics no parque. E alí está Joseph, cunha copa na man, preparados para brindar, unha tortilla de patacas no prato. Son os setenta, claro: gravatas anchas, xerseis de pico, pantalóns de campá. O cabelo, liso e peiteado con raia, nada de afro.

Joseph, do que nada sabemos agora.

Só fotografías de ángulo torto e un último agasallo. Un libro,
The snow people.

¿E por que un libro sobre esquimós, se Joseph era de Etiopía?

Asinado co seu nome, co verdadeiro: Youssef.

Xesús Fraga, A-Z, Xerais.